



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

#### **AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO RURAL**

O martes día 13 de xaneiro de 2026 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se convoca o Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación de vivendas no rural.

Estas axudas están destinadas a prestar apoio á financiación de obras de rehabilitación, remate e/ou ampliación que se realicen en vivendas situadas en Concellos de menos de 5.000 habitantes, así como ás actuacións dirixidas ao cambio de uso de locais e entreplantas situados nos mesmos, para destinalos a residencia habitual e permanente das persoas propietarias e/ou usufrutuarias ou a aluguer.

#### **PERSOAS BENEFICIARIAS**

- As persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dos inmobles, que acrediten ingresos non superiores a 6,5 veces o IMPREM de 2024, a excepción das vivendas dedicadas a aluguer nas que non será de aplicación o límite de ingresos.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA AXUDA**

Serán subvencionables as actuacións de execución de obras de rehabilitación, incluíndo as de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, así como as actuacións para a medición e a execución de obras que eviten a entrada do gas radón ou a adopción de medidas que garantisen a súa eliminación do interior das vivendas.

Para poder acceder á subvención é necesario que as actuacións se axusten á normativa técnica e urbanística en vigor e que as obras non estean iniciadas na data de publicación da convocatoria. Ademais, o inmovible deberá dedicarse a residencia habitual e permanente das persoas propietarias e/ou usufrutuarias ou a aluguer durante un prazo, como mínimo, de 5 anos dende a data de finalización das obras.

As axudas serán do **75 % do orzamento protexido** das obras, **co límite máximo de 30.000 € por vivenda**.

#### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

As axudas previstas nesta convocatoria poderanse solicitar dende **as 9:00 h do 21 de xaneiro de 2026 ata as 14:00 horas do 1 de setembro de 2026** e, en todo caso, ata o momento de esgotamento do crédito orzamentario. Ditas solicitudes outorgaranse por orde de entrada.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 13 de xaneiro de 2026.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

